

**‘CAMPIONATO TERRITORIAL’
1º DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA**

FÓRMULA DE COMPETICIÓN

Esta competición disputarase en dúas (2) fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

1ª FASE ou LIGA REGULAR: Os doce (12) equipos participantes xogarán baixo o sistema de liga, todos contra todos a dobre volta.

2ª FASE ou FINAL FOUR: A disputarán os equipos clasificados en 2º, 3º, 4º e 5º posto da Liga Regular.

Xogarse polo sistema de eliminatorias a único partido; Semifinais, 3º e 4º Posto e Final durante unha fin de semana (Sábado e Domingo) nunha sede determinada pola Federación Galega de Balonmán.

DATAS DE CELEBRACIÓN

1ª FASE ou LIGA REGULAR:

Disputarase entre os días 29 de Setembro de 2019 e o 22 de Marzo de 2020.

2ª FASE ou FINAL FOUR:

	EQUIPO LOCAL	EQUIPO VISITANTE	DATA DE CELEBRACIÓN
SEMIFINAL 1	2º Clasificado 1ª División Autonómica Feminina	5º Clasificado 1ª División Autonómica Feminina	04 de Abril 2020
SEMIFINAL 2	3º Clasificado 1ª División Autonómica Feminina	4º Clasificado 1ª División Autonómica Feminina	04 de Abril 2020

	EQUIPO LOCAL	EQUIPO VISITANTE	DATA DE CELEBRACIÓN
3º E 4º POSTO	Perdedor Semifinal 1	Perdedor Semifinal 2	05 de Abril 2020
FINAL	Vencedor Semifinal 2	Vencedor Semifinal 1	05 de Abril 2020

PARTICIPACIÓN NA 1ª AUTONÓMICA FEMININA NA TEMPADA 2020/21

Os dereitos deportivos de cara atempada 2020/21 quedarán supeditados aos acordos que se adopten na asemblea da Federación Galega de Balonmán que terá lugar no terceiro semestre de 2019.

De non producirse trocos na competición con respecto a anteriores campañas, os seis primeiros clasificados da tempada 19/20 serán os que conserven os dereitos para participar na 1ª Autonómica Feminina na tempada 20/21 sempre e cando haxa mais de 14 equipos inscritos na categoría sénior feminina.

DEREITOS DE PARTICIPACIÓN NA FASE ESTATAL

1º Representante:

Accederá directamente a Fase Estatal do Campionato Sénior Feminino o equipo clasificado en primeiro (1º) lugar da 1ª Fase ou Liga Regular da 1ª División Autonómica Feminina.

2º Representante:

No caso de que a Federación Galega cumpra os requisitos para obter unha segunda plaza na Fase Estatal, ésta se outorgará o vencedor da 2ª Fase ou Final Four.

Vacante por Renuncia ou Invitación:

No caso de xerarse unha vacante na Fase Estatal, por renuncia ou por invitación por parte da RFEBM, os dereitos de participación pasarán por este orde, primeiro o 2º Clasificado da Final Four, despois o 3º Clasificado da Final Four e por último, o 4º Clasificado da Final Four.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Estas normas específicas do Campionato Territorial da 1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA complementáanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia; en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementáanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.

Os dereitos deportivos de todos os equipos de cara á tempada 2020/21 están condicionados aos acordos de asemblea xeral que terá lugar no último trimestre de 2019.